

A LITERATURA DO EXILIO

Xosé Luís Axeitos Agrelo

Unha iniciativa de



co apoio de



De todos é coñecido que cando hoxe falamos de *exilio* adoitamos referirnos exclusivamente á exclusión e expulsión dos republicanos -nacionalistas, socialistas, comunistas, anarquistas, liberais- en 1939, cando en realidade a palabra ten un significado moito máis amplo e debe abranguer outras expulsións históricas: xudeus, mouriscos, ilustrados, liberais, etc, tan ilustrativas da construción excluínste do estado español. Unha sinxela reflexión histórica abonda para decatármonos do gran reduccionismo co que adoitamos abordar o tema do discurso exílico ao enmarcalo nun espazo temporal concreto e tan recente, e nunha circunstancia histórica precisa e limitada cando a realidade é que o *exilio* desborda as canles temporais e xeográficas nas que adoita pechase para habitar un destempo e un espazo universal.

Non debe ser allea a esta localización histórica restritiva do termo o feito de ser este último exilio o máis numeroso e masivo da nosa historia, máis de medio millón de persoas, que, de ampliármolo a outras xeografías non atlánticas nin cosmopolitas, multiplícase de tal maneira que podemos cualificar os tempos actuais como a era do refuxiado e da inmigración masiva, tal como fai Edward W. Said nas súas reflexións sobre o tema.

A palabra *emigración*, venerable arcaísmo, recobrou vida a partir da revolución francesa e, asociada ao liberalismo, sempre gardou certo parentesco co campo semántico da conflictividade social. Así figura ao longo de toda a primeira parte do século XIX onde en numerosos escritos reservados se advirte sobre a presenza de “emigrados en Portugal que tratan de revolucionarse por Galicia...” no ano 1845. Emporiso, a partir da segunda metade do mesmo século XIX e por mor da saída masiva de galegos para América -Cuba e Bos Aires especialmente-, o termo *emigración* precisa dun adxectivo para diferenciar a emigración política -de Waldo Álvarez Insua ou de Curros- da emigración económica, a que leva ao outro lado do Atlántico aos pais de Castelao e de Luís Seoane e a tantos miles de galegos.

Por conseguinte cómpre precisar o que entendemos por *exilio* e deslindar este termo de outro, *emigración*, co que comparte certamente algún aspecto, como o sentimento da ausencia da terra. A terminoloxía é confusa e moi especialmente na nosa cultura, que tende a confundir, por razóns interesadas, estas dúas formas de arredamento.

O concepto *exilio* comporta, ademais do sentimento de ausencia, un compoñente *ético e moral*, e viva *consciencia* política que leva a unha *loita* por mudar a situación na patria perdida. Moitos dos exiliados da

guerra civil de 1939 deixaron de selo ao instalarse máis ou menos confortablemente nos países de acollida. Mentres que algúns emigrantes que non viviron a guerra civil en España asumen esa faceta necesaria de loita moral e política converténdose en exiliados. Esta nota distintiva é a que avala a existencia do chamado exilio interior, a xente que dentro do territorio comparte coa súa loita esa actitude moral. Sería, xa que logo, un apartado importante e significativo. Fronte á palabra *emigrante*, *exiliado* quere facer fincapé na expulsión, no apartamento da terra por motivos políticos.

Outro xeito de vivencia do exilio é o de *refuxiado*, un galicismo fillo da revolución francesa que quere tamén significar a protección xurídica do país de acollida ante a persecución ideolóxica do propio. E, por fin, os *expatriados*, que viven voluntariamente fóra do seu país por razóns persoais ou sociais pero non sofren as difíciles condicións da forzada ausencia do exiliado.

A figura do *desterrado* quere significar a vivencia da perda da patria de orixe como algo irreparable, sen posible redención.

Vivir o exilio como desterro non significa soamente verse forzado a abandonar a patria senón, sobre todo, sentirse sen raíz, sen centro na terra de acollida. Por este motivo o desterrado vive no pasado e no territorio perdido. Vive, xa que logo, transitoriamente, desasosegadamente entre a nostalxia do pasado e a esperanza obsesiva no retorno.

Afortunadamente, todos aqueles exiliados, expulsados da historia cando tiñan vocación de participación e de protagonismo na mesma, mantiveron viva unha predisposición ao testemuño que constitúe unha das súas características esenciais. Por esta razón, con frecuencia o exiliado recorre á autobiografía como defensa eficaz da súa condición. O exilio abre, en efecto unha reflexión sobre a cultura¹, que non ocorre coas culturas propias, que son consumidas con indiferenza mecánica. E achegan ademais estes testemuños unha carga apaixonada que as caracteriza moi especialmente co selo do exilio.

O exiliado sente unha profunda necesidade de testemuñar a súa vida e a esta necesidade está asociada unha obsesión compartida polos transterrados: a memoria e o seu oposto dialéctico, o esquecemento. Cando se intenta reproducir o testemuño do exilio, a memoria recupera outras épocas e outros aspectos da experiencia. É fácil comprender a necesidade de lembrar se temos en conta que a existencia do desterrado depende das

¹ A este respecto é de gran interese, porque dá lugar a un debate de moita altura intelectual, a dialéctica entre o culturalismo (defendido polo grupo Galaxia) e os defensores da acción política (os exiliados partidarios do Consello de Galiza).

lembranzas pasadas: memoria dos obxectos, persoas, paisaxes, olores, rúas pensamentos e palabras.

A creación literaria e artística dos exiliados galegos, esencialmente testemuñal, non pode ser comprendida sen o contexto histórico no que nace porque ignoraría a grandeza moral do exilio e o seu compromiso co país a través dun proxecto político creado nos anos da Segunda República e concretado no Estatuto de Autonomía.

No fondo da cuestión o discurso exílico, calquera que sexa o xénero no que se manifeste, toca sempre o angustioso problema de verse excluído dúas veces: primeiro por exiliado y logo por ser excluído da historia da cultura. O medo por esta segunda exclusión é unha angustiosa constante de cada unha das vítimas do exilio de 1939.

A traxectoria dos exiliados galegos vaise desenvolvendo en distintas etapas seguindo a evolución dos acontecementos internacionais e reforzará sempre, en Arxentina e México, principais países de acollida, a comunidade emigrante. A dinamización cultural nestes países foi certamente espectacular, sobre todo coa creación e fundación de revistas e editoriais, que mesmo axudaron a renovar o mundo da edición en América. Abonda, neste senso, con lembrar a obra fundacional de Luís Seoane: colaborador e ilustrador de Losada e Emecé; fundador e director das editoriais Nova, Botella al Mar, Citania, que tiveron como misión patriótica manter vivos os nomes dos clásicos da nosa literatura ante o silencio imposto en Galicia. Sen esquecer algunhas das míticas revistas que promoveu e dirixiu o mesmo Seoane: *Correo Literario*, *Cabalgata*, *Galicia Emigrante*, referencias internacionais da loita antifranquista.

Teatro galego no exilio

A historia do teatro galego no exilio ilustra mellor ca ningún outro xénero as circunstancias difíciles polas que atravesou a nosa literatura.

En primeiro lugar o campo de acción teatral redúcese a un único país, Arxentina, que cunha importante estrutura societaria -Centro Galego, Federación de Sociedades Galegas, Sociedade Nazionalista Pondal, Centro Ourenzano, Centro Lucense, etc- agrupaba máis de cen mil emigrantes, que permitiron a formación dalgunhas compañías profesionais de infraestrutura aceptable. Tal é o caso da Compañía Galega de Comedias Maruxa Villanueva.

O gran acontecemento teatral do exilio galego será a representación no teatro Mayo de Bos Aires da obra de Castelao *Os vellos non deben de*

namorarse o 14 de agosto de 1941. A representación, dirixida polo propio autor, estivo a cargo da citada Compañía Maruxa Villanueva e constituíu un acto de verdadeira comunión e fraternidade entre a colonia galega na capital arxentina.

O prestixio emblemático que mantíña entre os emigrantes e exiliados a figura de Castelao actuou como unha especie de liturxia onde todos se sentiron orgullosos e partícipes da nosa cultura.

Temos que destacar tamén unha serie de acontecementos literarios, máis que teatrais, entre os que mencionaremos a reedición d'*A Fiesta Valdeira* de Rafael Dieste (1958) na editorial *Citania*. Nesta mesma editorial sairán outros textos teatrais significativos: as obras de Isaac Díaz Pardo *Midas* e *O ángulo de pedra*, ambas reunidas nun volume (1958) e tamén a obra de Ánxel Fole, *O pauto do demo* (1958).

Os acontecementos propiamente teatrais están protagonizados por Eduardo Blanco Amor que funda en novembro de 1957 o denominado *Teatro Popular Galego*, saudado con gran optimismo na revista *Galicia Emigrante*.²

Entre as representacións desta compañía destacan *A fantasma* de Manuel Lugrís Freire, *O Cantar dos Cantares*, de Blanco Amor e *As bágoas do demo* de Ramón Valenzuela.

Terán fonda significación sociolóxica na colonia galega en Bos Aires as representacións, por unha parte da obra do irlandés John M. Synge, *O casamento do latoeiro*, e por outra as representacións da obra de Valle-Inclán protagonizadas por María Casares.³ Esta xa representara, na súa primeira visita a Bos Aires, como Leonide, a obra de Marivaux *El triunfo del amor* e como María Tudor na obra de Víctor Hugo, *Marie d'Angleterre*.

Tiña especial significación entre os exiliados galegos a obra teatral de Valle-Inclán, avalada pola autorizada opinión de Castelao con ocasión das conferencias que pronunciou sobre o escritor arousán na Habana e no Colexio Libre de Estudos Superiores de Bos Aires. Lembremos asemade que Castelao xa fora escenógrafo de *Divinas Palabras* na súa estrea nos anos 30 en Madrid.

Pero será a obra teatral de Luís Seoane a que mellor encarne a poética do exilio galego. As súas obras *A Soldadeira*⁴ e *El irlandés astrólogo*⁵ están traspasadas de contido ético e os seus personaxes

² "Teatro Popular Galego" en *Galicia Emigrante*, 32 (decembro 1957-xaneiro 1958), páxs. 3 e 6.

³ "María Casares" en *Galicia Emigrante*, 29 (xuño-xullo, 1957), pág. 19.

⁴ Publicada en castelá pola editorial Ariadna (Buenos Aires, 1957) a partir do orixinal en galego. A versión galega publicouna Edicións do Castro en 1996.

⁵ Luís Seoane, *El irlandés astrólogo*, Ediciones Losange, Buenos Aires, 1959. Hai versión galega de Francisco Pillado.

encarnan, loitando fronte da inxustiza e da represión, os anxeios de liberdade dos desterrados.

Seoane incorpora á súa obra teatral a súa particular poética creativa, baseada no compromiso e na liberación dos pobos oprimidos. A súa obra persegue a creación dun modelo teatral nacional seguindo o modelo irlandés do Abbey de Dublín, e para iso recupera o modelo histórico e dialéctico que lle chega da man de Bertolt Brecht.

Na obra *A Soldadeira* é recoñecible a historia da Galicia medieval que lle serve ao autor de fundamento argumental para contrapoñer á Galicia actual da inxustiza. Na outra, *El irlandés astrólogo*, a condición de exiliado do protagonista, o irlandés Patricio Sinot, serve para dotalo de numerosos trazos autobiográficos, onde as protestas pola súa condición existencial de desterrado coinciden case textualmente con algunhas cartas enviadas por Seoane aos seus amigos.

O teatro de Seoane, no seu afán dignificador da historia e da memoria colectiva de Galicia, formula, coa técnica do distanciamento do teatro épico de Brecht, os problemas máis actuais da sociedade galega.

Resulta incomprendible que a proposta teatral de Luís Seoane, arredada pola súa propia estrutura da literatura dramática, que aposta sempre pola teatralidade, siga a día de hoxe sen chegar á representación, cando contamos dende hai anos cun Centro Dramático Nacional.

A narrativa galega no exilio

Xa temos dito que non nos pode estrañar que na situación de barcos á deriva na que se converte o exilio galego após de 1946, chegaran os desterrados ao convencemento de que a súa resistencia, baseada na loita e na ausencia ignoradas, necesitaba ser transmitida ás novas xeracións para que non se perderan uns valores éticos escasamente practicados na Galicia franquista.

Neste sentido moitas novelas serán representativas dun discurso ético consciente da superioridade moral dos que se negan a volver ao seu país, incluso cando o réxime no poder llelo permite.”⁶

Soamente desde esta perspectiva poderemos explicar o recurso dos nosos exiliados a toda sorte de escrito testemuñal e memorialístico: cartas, autobiografías, memorias, confesións, entrevistas, etc. Son, como nos di María Zambrano, xéneros “mediadores” que queren descifrar a

⁶ Michael Ugare, *Literatura española en el exilio. Un estudio comparativo*, Siglo Veintiuno de España editores, Madrid 1999, páx. 79.

irracionalidade e desnortamento que sufriron as vidas no exilio. E recorren a estes xéneros didáctico-ensaísticos para explicarnos e explicarse a si mesmos. Numerosos estudos insisten, sen renunciar aos aspectos dialécticos que estes escritos formulan, no carácter recuperador das memorias que intentan crear unha atmosfera de continuidade espacial e temporal a pesar da evidente ruptura producida.⁷

Por moitas razóns, permítome cualificar algunhas novelas como *memorias*, un xénero moi axeitado e propio das persoas e das culturas que necesitan recuperar o pasado. Tal é o caso da obra de Silvio Santiago (1903-1974), exiliado en Venezuela, e autor de dous relatos, *Villardevós* (1961) e *O silencio redimido (Historia dun home que pode ser outro)* (1976), ambos publicados pola editorial Galaxia. No primeiro, en pleno franquismo, Manoliño, o protagonista, fai unha emotiva e íntima evocación da súa infancia, na liña da máis xenuína poética do exilio, tal como fará Rafael Dieste nas súas *Historias e invenciones de Félix Muriel*.

O outro título, *O silencio redimido*, publicouse dous anos despois da morte do seu autor e relata as tremendas probas que ten que pasar para sobrevivir un home que non estaba chamado a ser heroe pero que padece o estado de excepción e a represión no contexto da guerra civil.

Debemos a Antón Alonso Ríos, deputado nas eleccións de febreiro de 1936 e membro do Consello de Galiza no exilio, a novela *Da saudade. Amore, arte e misticismo* (Bos Aires, 1956), un extenso relato con evidentes ecos da filosofía paisaxística de Otero Pedrayo e onde o mundo rural acaba sendo o protagonista.

Do mesmo autor é o máis coñecido título *O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte (Memorias dun fuxido)* (Castrelos, Vigo, 1979), que relata a azarosa fuga do protagonista cara a liberdade durante os primeiros meses da guerra civil.

Maior interese teñen as novelas de Ramón Valenzuela (1914-1980), especialmente a que se titula *Non agarderei por ninguén* (Citania, Bos Aires, 1957), centrada na guerra civil, e a segunda parte da mesma titulada *Era tempo de apandar* (Akal, Madrid, 1980), centrada nos duros anos da posguerra.

Unha novela de tardía publicación, está prologada por Otero Pedrayo en 1968, obra de Antonio Fernández Pérez, titulada *Terra coutada* (Galaxia, Vigo, 1990), tamén de contido autobiográfico e testemuñal, pecha o catálogo de novelas do exilio.

⁷ Vid. Aleksandra Hadzelek, “¿Por qué la autobiografía?” en *El Exilio Literario Español de 1939. Actas del primer Congreso Internacional (Bellaterra, 27 de novembro-1 de decembro de 1995)*, Volume I, Gexel, Barcelona, 1995, páxs. 309-316.

Dentro da narrativa do exilio temos que mencionar unha serie de relatos curtos, publicados a maior parte na revista *Galicia Emigrante*, promovida e dirixida por Luís Seoane na década dos cincuenta do século XX.

Neste senso, os relatos que publica Rafael Dieste durante os anos do seu exilio, *Un conto de reis* e *De cómo veu a Rianxo unha balea*, están na liña dos títulos incluídos en *Dos arquivos do trasno* (1ª edición, Vigo, El Pueblo Gallego, 1926) e que neste título inicial se integrarán polo autor.

Tamén Luís Seoane é autor dun relato publicado en *Galicia Emigrante*, titulado *Un Cristo da Montaña*. O mesmo autor xa fixera unha mítica aprendizaxe no campo do conto no seu libro castelán *Tres hojas de ruda y un ajo verde* (Bos Aires, 1949). Outros autores que publican contos en diferentes revistas son o médico Antonio Baltar Domínguez, home de gran sentido solidario, que publica *Táboas para un cadaleito*, *Festa e trasmutación nos Andes* e *A tola*. En todos eles as preocupacións éticas e didácticas restan interese á literatura.

Os contos que publica Ramón Valenzuela na citada revista *Galicia Emigrante* serán recollidos nun volume, titulado *O naranxo*, que edita Brais Pinto en 1974.

A poesía no exilio

Foi este o xénero máis cultivado no exilio e o que acadou maior intensidade nun amplo marco xeográfico. En case todos os países receptores se chegaron a publicar poemarios de gran dignidade ética e estética. Xa durante os anos da guerra se amosan os versos “antifeixistas” de Ramón Rey Baltar (*A gaita a falare*, Bos Aires, 1939) e poucos anos despois o poemario colectivo *Cancioneiro da loita galega* (México, 1943).

Aínda conscientes de que outros nomes, coma o de Blanco Amor ou Celso Emilio Ferreiro, terían que estar nunha posible escolma da poesía galega do exilio, imos limitar o noso cadro a unha síntese representativa: Lorenzo Varela e Luís Seoane na Arxentina, Florencio Delgado Gurriarán en México e Guerra da Cal e Rubia Barcia nos Estados Unidos de América. Os dous poemarios galegos de Lorenzo Varela, *Catro poemas para catro grabados* (1944) e *Lonxe* (1954), aínda que inspirados pola mesma poética e pola mesma ética, responden a dous momentos diferentes da existencia do seu autor.

O primeiro, publicado en 1944, quería ser unha tarxeta de presentación dun home que volvería despois dun obrigado aprazamento.

Aspiraba, da man de Luís Seoane, o seu fraternal amigo, a ter unha acollida cordial no seu pobo. A volta do emigrado era posible porque a guerra mundial estaba pendente do seu desenlace esperanzador para tantos homes e mulleres que seguían con atención as noticias das distintas fronteas bélicas da época. As revistas *De Mar a Mar* e *Correo Literario*, aínda que orientadas cara a literatura e a arte, son un bo termómetro para aquilatar a esperanza que os exiliados tiñan neses momentos dramáticos. Ata os nomes das distintas editoriais e coleccións que fundan os exiliados galegos queren comunicar estes anxeios: *Mar Dulce*, *Buen Aire*, *Nova*, *Resol*. Este último selo editorial non fai máis que evocar unha experiencia que se creou en Galicia poucos meses antes do comezo da guerra civil. Unha ponte, para o regreso.

Pasados os anos, no ano 1954, Lorenzo Varela publica o seu máis importante poemario, *Lonxe*, na editorial *Botella al Mar*, con outras perspectivas menos esperanzadas. Porque a botella ao mar soamente se lanza desde a desesperación e o illamento producido por un naufraxio. E o noso poeta era neste momento un náufrago, sen terra á vista.

E o poeta de Monterroso, sen renunciar á súa poética nin á súa ética solidaria, volve os ollos a Galicia na procura de acollida. Non resulta doado reconstruír coa palabra poética un vencello tan desexado como distante. E o poeta de Monterroso consegue anoarse á terra a través dunha serie de mitos fundacionais.

Os catro libros de poesía que publica Luís Seoane no exilio (*Fardel de eisilado* (Bos Aires, 1952), *Na brétema*, *Sant-Iago* (Bos Aires, 1956), *As cicatrices* (Bos Aires, 1959) e *A Maior abundamento* (Bos Aires, 1972)) teñen como fío condutor o tema da emigración, da ausencia, un tema fundacional da poesía galega. Pero este tema sérvelle a Seoane para presentar o exilio e a emigración como un proceso secular de diáspora histórica que define o destino tráxico de Galicia.

Outro aspecto novo na poética da ausencia de Luís Seoane e a xeografía lírica na que se moven os seus poemas. Tradicionalmente o tema tratouse sempre dende a perspectiva dos que quedan. Na poesía de Seoane, dende a outra banda, os espazos xeográficos toman unha dimensión épica. Nostalxia e regreso serán dúas marcas da poética do exilio que percorren todos os poemarios.

De México chéganos a voz singular e combativa de Florencio Delgado Gurriarán (1903-1987) que xa era coñecido como poeta polo seu poemario *Bebedeira* (Nós, Santiago, 1934), que a crítica coetánea, especialmente Carvalho Calero, colocou no ronsel de Amado Carballo.

No exilio publicou os seus poemas nas revistas emblemáticas da diáspora galega en México, *Saudade, Vieiros*, que serán recollidos no libro *Galicia Infinda* (Galaxia, Vigo, 1963). Este poemario amosa, como poética compartida pola poesía do exilio, unha constante resituación na paisaxe natal, emotiva e nostálgica. A parte máis innovadora do libro chega da man dos denominados “Poemas mexicanos” onde a cultura popular do país que o acolle serve de motivo para aflorar o novo humanismo solidario das vangardas.

Ernesto Guerra da Cal e Xosé Rubia Barcia son dous poetas de difícil emprazamento xeracional: son voces singulares de recoñecido prestixio intelectual fóra de Galicia pero que non acaban de ter acollida canónica na nosa literatura.

Ernesto Guerra da Cal, exiliado nos Estados Unidos en 1939, é autor de dous poemarios en galego: *Lúa de alén mar* (Galaxia, Vigo, 1959) e *Río de sonho e tempo* (Galaxia, Vigo, 1963). Ferrín dinos da obra deste poeta, que “*non dialoga cos autores galegos anteriores a el e contemporáneos*”. Malia este certo alleamento estético, é autor dun poema que recolle os fundamentos da poética do desterrado. Trátase de “*Isolamento*”⁸, ao que pertencen estes versos finais:

*E ficamos
á espera
desolados
no noso calabozo tenebroso
contando días
pola luz que chega
dos buracos dos ollos
na cadea perpetua da pel
sen esperanza.*

O ferrolán Xosé Rubia Barcia, exiliado tamén en Estados Unidos, publica en 1981 o poemario *A aza enraizada. Cántigas de bendizer* no selo editorial Ediciós do Castro. O libro recolle composicións de anos anteriores, ao menos algunhas delas publicadas en revistas da Universidade de California.

O neotrovadorismo que amosan moitas das composicións deste libro, mesturado con audacias vangardistas, non esconde uns procedementos construtivos e estéticos que, como di Ferrín, a súa

⁸ *Lúa de alén mar*, páxs. 113-114.

xeración tiña superado en Galicia no intre de seren publicados os seus versos.

O ensaio no exilio

Os teóricos e artistas do nacionalismo galego acadaron auténtica brillantez na defensa dos seus ideais a través dunha forma discursiva breve, didáctica. Resulta, por este motivo, paradoxal o escaso interese que os estudosos de Castelao e do nacionalismo en xeral prestaron a esta canle comunicativa.

Se a esta tradición engadimos que o ensaio adoita desenvolverse en forma epistolar, de memoria e autobiografía, podemos afirmar que é un xénero axeitado para toda comunidade necesitada de recuperar o seu pasado.

Obras emblemáticas da nosa cultura coma o *Sempre en Galiza* de Castelao están estruturadas desde a conciencia do desterrado. O libro ábrese expresando o sentimento da vida como desterro, como traxedia e como destino existencial. Este recurso xustifica as súas memorias, a súa autobiografía, que entra deste xeito no xénero máis íntimo da confesión, como algunha vez lle chama o mesmo autor. Estamos, xa que logo, na poética do desterro.

Outro cumio do xénero é a obra de Lois Tobío, *As Décadas de T. L.*⁹, unha auténtica lección de vida. Non é soamente unha autobiografía ou un libro de memorias, é a lectura dunha sociedade a través dos azares dunha vida. Atopamos no libro unha paixón descritiva que nos traslada desde o mundo vilego de Viveiro a cosmopolitismo de París e Montevideo. E todos os anxeios do autor están vencellados a axudar a restaurar a vella casa común.

Outros moitos exiliados galegos cultivaron o ensaio historiográfico, científico, político, artístico, etc., con nomes e obra dabondo coñecidos: Luís Seoane, Alonso Ríos, Emilio González López, Ramón Martínez López, Xerardo Álvarez Gallego...

A cultura galega recuperou, oportunamente, a maior parte da escritura do exilio, que está incorporada plenamente nos estudos académicos e institucionais. Non como unha subcultura senón como un capítulo máis da galegitude cultural.

⁹ Lois Tobío, *As Décadas de T.L.*, Edicións do Castro, Sada, 1994.